


*Entrará en vigor para o vindeiro curso 2010-11*

## O novo Real Decreto de concurso de traslados

O Ministerio de Educación entregounos o día de 10 de xuño o borrador definitivo do Real Decreto que vai regular os Concursos de Traslados a nivel estatal, comunicándonos que despois de pasar polo Consello Escolar do Estado e de estar aprobado a súa intención é publicalo na primeira quincena de setembro, de xeito que o concurso de traslados 2010/2011 sexa en base a este novo Real Decreto.

Desde que se iniciou a negociación deste RD no mes de outubro do ano pasado a CIG-ENSINO presentou diversas propostas a cada un dos borradores presentados pola administración co obxectivo de melloralo; pero desde o principio unha vez máis os posicionamentos de fondo da CIG-ENSINO e do Ministerio estaban moi lonxanos pois este último considera como fundamental a valoración dos méritos subxectivos e nós defendemos que os criterios fundamentais á hora de acumular puntuación sexan o labor docente directo e a antigüidade.



Desde o noso punto de vista no documento final é totalmente desproporcionado o peso que adquiren no baremo os méritos subxectivos. Por poñer un exemplo: unha persoa que leve cinco anos como director consigue 20 puntos que é o máximo por ese apartado mentres que alguén que alegase méritos como titor ou titora precisaría 20 anos para obter esa mesma puntuación.

Ademais tamén consideramos moi negativo que se inclúa no baremo puntuación polo desempeño de postos na Adminis-

tración Educativa e a avaliación da función docente.

Entre as cuestións positivas que inclúe o novo documento e que na maioría dos casos son froitos da presión sindical exercida destacamos:

- Que se mantén para as persoas que concursan voluntariamente a posibilidade de renunciar na adxudicación provisional pese a que a intención inicial da administración era eliminar este dereito.
- A unificación da maioría do

	NOVO REAL DECRETO (mestres e secundaria)		PRIMARIA (normativa anterior)		SECUNDARIA (normativa anterior)		
<b>Antigüidade no centro</b>	1º e 2º ano	2 pts	1º, 2º e 3º ano	1 pto	1º e 2º ano	2 pts	
			4º ano	2 pts	3º ano	3 pts	
	3º ano	4 pts	5º ano	3 pts	4º e 5º ano	4 pts	
			6º - 10º ano	4 pts	6º ano	5 pts	
				7º e 8º ano	4 pts		
				11º ano e seguintes	2 pts	9º ano	3 pts
						10º e seguintes	2 pts
<b>Expectativa de destino</b>	2 puntos/ano		1 punto/ano		1 punto/ano		
<b>Participación voluntaria desde 1º destino definitivo</b>	Súmase a puntuación de antigüidade no centro coa de expectativa de destino		Óptase entre a puntuación de permanencia interrompida no destino definitivo ou a puntuación en situación de expectativa		Óptase entre a puntuación de permanencia interrompida no destino definitivo ou a puntuación en situación de expectativa		
<b>Centros cualificados de especial dificultade</b>	2 puntos/ano		1º, 2º e 3º ano	0.5ptos	1º e 2º ano	1 pto	
			4º ano	1 pto	3º ano	1.5ptos	
			5º ano	1.5ptos	4º - 8º ano	2 pts	
			6º - 10º ano	2 pts	9º ano	1.5ptos	
			11º e seguintes	1 pto	10º e seguintes	1 pto	
<b>Antigüidade no corpo</b>	No mesmo corpo	2 pts	1 punto/ano		No mesmo corpo	2 pts	
	Noutros corpos do mesmo ou superior subgrupo	1.5ptos			Noutros corpos do mesmo ou superior subgrupo	1.5ptos	
	Noutros corpos de inferior subgrupo	0.75ptos			Noutros corpos de inferior subgrupo	0.75ptos	
<b>Pertenza ao corpo de catedráticos</b>	5 puntos		Por ser funcionario de carreira no corpo de catedráticos	6 pts			
			Por cada ano de antigüidade no corpo	0.5 pts			
<b>Méritos académicos</b>	Máximo 10 puntos		Máximo (*)		Máximo 10 puntos		
	Doutor	5 pts	Doutor	2.5 pts	Doutor na titulación alegada para o ingreso	5 pts	
	Mestrado distinto do requerido para o ingreso	3 pts			Premio extraordinario doutoramento titulación de ingreso	1 pto	
	Suficiencia investigadora	2 pts			Premio extraordinario na titulación de ingreso	0.5 pts	
	Diploma de Estudos Avanzados	2 pts	Titulacións 2º ciclo	1.5 pts	Doutor noutras licenciaturas	3 pts	
	Premio extraordinario de doutoramento	1 pto	Titulacións 1º ciclo	1.5 pts	Premio extraordinario noutro doutoramento	0.5 pts	
	Titulacións de grao	4 pts	Ensinanzas profesionais de música e danza	0.5 pts	Premio extraordinario noutras licenciaturas	0.25ptos	
	Titulacións 1º ciclo	3 pts	Nivel intermedio EOI	0.5 pts	Cada licenciatura, enxeñaría ou arquitectura	3 pts	
	Titulacións 2º ciclo	3 pts	Nivel avanzado EOI	0.5 pts	Cada diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica	3 pts	
	Título profesional música e danza	1.5 pts			Ensinanzas profesionais de música e danza	1 pto	
	Nivel avanzado EOIs (***)	2 pts			Nivel intermedio EOI	1 pto	
	Nivel intermedio EOIs	1 pto			Nivel avanzado EOI	1 pto	
	Técnico superior Artes Plásticas e Deseño ou FP	1 pto					
	<b>Cargos directivos</b>	Máximo 20 puntos		Máximo (*)		Máximo 10 pts	
		Dirección	4 pts	Dirección	1.5 pts	Dirección	3 pts
Vicedirección, xefatura de estudos, secretaria		2.5 pts	Vicedirección, xefatura de estudos, secretaria	1 pto	Vicedirección, xefatura de estudos, secretaria	2 pts	
Coordinación docente, función titorial e figuras análogas		1 pto	Coordinación de ciclo	0.5 pts	Outros cargos	1 pto	
			Desempeño de postos na Administración	1.5 pts	Xefatura de seminario, coordinación ENL	0.5 pts	
<b>Formación</b>	Máximo 10 puntos		Máximo 3.5 puntos		Máximo 5 puntos		
	Cursos superados (mínimo)	6 pts	Cursos impartidos	1 pto	Cursos superados	4 pts	
	Cada especialidade adquirida	1 pto	Cursos superados	2 pts	Cursos impartidos	1 pto	
			Cada especialidade adquirida	0.5 pts	Cada especialidade adquirida	1 pto	
<b>Outros méritos</b>	Máximo 15 puntos (**)		Máximo (*)		Máximo 5 puntos		
	A norma procedimental determinará cales serán estes méritos, entre os que figurarán: méritos científicos e artísticos relacionados coa especialidade, premios por participación en proxectos de investigación e innovación no ámbito da educación, avaliación da función docente, formar parte de tribunais de procesos selectivos, titorización das prácticas do Mestrado de formación pedagóxica, titorización das prácticas para a obtención de títulos de grao		Publicacións de carácter didáctico	1 pto	Publicacións de carácter didáctico	2.5 pts	
			Publicacións de carácter científico	1 pto	Publicacións de carácter científico	2.5 pts	
			Titulacións de réxime especial		Méritos artísticos	2.5 pts	

(\*) Na normativa de concurso de traslados anterior, os cargos directivos, as titulacións de réxime especial e as publicacións para o corpo de mestres puntúan un máximo de 10 puntos.

(\*\*) No novo Real Decreto non veñen recollidas as publicacións.

(\*\*\*) Se se puntúa o nivel avanzado da EOI non se puntuará o intermedio.

*Na normativa anterior, recollíase a puntuación polo desempeño da coordinación de normalización lingüística, responsable de unitarias de menos de 3 unidades e outros postos. O recoñecemento destas figuras, así como outras novas que se poidan incluír, deberá vir contemplado no desenvolvemento a nivel galego do novo Real Decreto.*

baremo dos corpos de mestres e secundaria.

- A mellora da puntuación do profesorado en situación de expectativa que pasa a ser de 2 puntos por ano.
- A inclusión das permutas definitivas e o mantemento do dereito de concurrencia .
- A inclusión de medidas para regular a mobilidade por razón de violencia de xénero.
- Que se mantén a participación sindical en todos os procesos regulados polo RD.

Houbo ademais outras propostas feitas pola CIG-ENSINO que non foron asumidas pola Administración:

- A eliminación da obriga de estar dous anos no destino definitivo para poder concursar.
- O peche de folia de servizos a data de fin do curso no que se convoca o concurso (31 de agosto).
- Que sexan as CCAA quen acorden as condicións nas que se manteñen os mestres no 1º ciclo de ESO, e que poidan seguir acce-

dendo os de PT e AL.

- Que os mestres funcionarios de carreira anteriores ao 2008 poidan concursar a prazas de primaria
- Que o apartado de outros méritos non poida superar os 10 puntos e a eliminación ou redución dos puntos por cargos directivos.

A CIG-ENSINO aínda recoñecendo que este novo Real Decreto mellora as diversas normativas que rexían até agora os concursos de traslados non pode darlle o seu apoio ao estar o resultado final moi alonxado



do que defendemos.

## AS CUESTIÓNS MÁIS SALIENTÁBEIS DO REAL DECRETO

- Mantense cada dous anos o concurso de ámbito estatal con posibilidade das CCAA de convocar concurso propio os anos que non o haxa estatal.
- Os funcionarios definitivos siguen tendo que estar dous anos no destino para poder concursar de novo.
- Mantéñense os dereitos preferentes tal e como estaban até o de agora.
- Os funcionarios en prácticas só poderán participar pola especialidade pola que aprobaron a oposición.
- Mantense a posibilidade de renunciar na adxudicación provisional de destinos.
- Mantense o dereito de concurrencia ao que poden optar como máximo catro funcionarios concursando á mesma provincia.

- Mantense a posibilidade de permutar.

## BAREMO

- Unifícase a puntuación nos corpos de mestres e secundaria.
- Mellórase a puntuación do profesorado en expectativa de destino que pasa a ser de 2 puntos por ano e nas fraccións 0,1666 por cada mes completo.
- Modifícase a puntuación do profesorado con destino definitivo, que pasa a ser
  - 2 puntos o primeiro e segundo ano, e nas fraccións 0,1666 cada mes completo
  - 4 puntos o terceiro ano, e nas fraccións 0,3333 cada mes completo
  - 6 puntos o cuarto ano e seguintes, e nas fraccións 0,5 cada mes completo.
- Méritos académicos un máximo de 10 puntos.
- Cargos directivos un

máximo de 20 puntos.

- Formación e perfeccionamento un máximo de 15 puntos.
- Outros méritos un máximo de 15 puntos

O texto íntegro do borrador do Real Decrero de Concurso de Traslados podedes consultalo en <http://www.cig-ensino.com/novas.php?nav=3008>

## NOVO DECRETO DE ESPECIALIDADES DO CORPO DE MESTRES

Na reunión da mesa Sectorial do 10 de xuño na que nos foi entregado o borrador definitivo do RD de Concurso acordouse empezar a negociación dun Real Decreto que regulará as especialidades do Corpo de Mestres. A intención é que a negociación dese RD estea rematada antes do 15 de xullo de xeito que se publicaría no primeiro trimestre do vindeiro curso con intención de que se aplique xa para o concurso de traslados 2010/2011.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.com

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com